

*PREMIOS SELIC 2020* – ESCENA 1. AÑO 2028. UNHA ANCIÁ SENTADA NUNHA CADEIRA ANTIGA NO CENTRO DO SALÓN DUNHA CASA RURAL GALEGA. FRONTE A ELA, SOBRE A MESA, UNHA GRAVADORA DE SON DA QUE SE DESCOLGA UN CABO NEGRO QUE REMATA NUN MICRÓFONO. O MICRÓFONO APUNTA CARA Á BOCA DA MULLER QUE O MIRA, NERVIOSA, COMO SE FOSE UNHA VÍBORA AXEXANTE. *SELIC 2021* XUNTO Á GRAVADORA, UNHA MULLER, JULIA, DESLIZA O SEU DEDO SOBRE A SUPERFICIE DUNHA TABLETA QUE ILUMINA PARCIALMENTE A SÚA CARA. SOAN 7 BADALADAS. – CARME: ORDIA! AS SETE. – JULIA: SETE, SI. (PASA PÁXINAS NA SÚA TABLET.) TÍÑAO... VEXAMOS... CARME: ENCÁNTANME AS CAMPÁS. – JULIA: SI... TÍÑAO... IMOS VER... *FESTIVAL DA LECTURA* A INCOMODIDADE DA ANCIÁ FAISE MÁIS PLAUSÍBEL A CADA MINUTO QUE PASA. – JULIA: SI... AQUÍ ESTÁ. (MIRA A ANCIÁ.) ESTÁ VOSTEDE BEN, SEÑORA CARME? – CARME: DIGA? – JULIA: QUERE VOSTEDE QUE PAREMOS UN POUCO? – CARME: NON, NON... (RI ALGO CONFUNDIDA.) O PERGHEÑO ESE... QUE MANDA NABIZO... – JULIA: NON SE PREOCUPE QUE O MICRO NON FAI NADA... – CARME: DIGA, DIGA. – JULIA: VALE... XA TEMOS OS NÚMEROS REXIST... (CORRÍXESE.) GRAVADOS... – CARME: UN, DOUS, TRES, CATRO... (RI.) DOADO. – JULIA: FÁCIL, PERO MOI VALIOSO. *DO 10 AO 19 DE SETEMBRO DE 2021* – CARME: SE VOSTEDE O DI... – JULIA: PERO AGORA NECESITARÍA GRAVAR ALGO MENOS TÉCNICO... ALGO... A SEÑORA CARME MIRA A JULIA EN SILENCIO E CON OLLOS DE CORDEIRO DEGOLADO. – JULIA: NECESITARÍA ESCOITALA CONVERSAR, SEÑORA CARME. – CARME: VOSTEDE... VOSTEDE CRE QUE PODERÍA DICIRLLE AO MEU FILLO...? *RÚA DO VILAR / PRAZA DAS PRATERÍAS* – JULIA: (ALGO IMPACIENTE.) ESCOITE... ESCOITE, SEÑORA CARME, O SEU FILLO NON ESTÁ AQUÍ. – CARME: XA, XA... PERO CANDO O VEXA... PODERÍA DICIRLLE QUE PRECISAMOS UNHA RADIOCasete? JULIA PULSA O BOTÓN “REC” NA GRAVADORA. – JULIA: SUPOÑO QUE ISTO SERVIRÁ. UNHA RADIOCasete? – CARME: DÍGALLO VOSTEDE. AGORA TODO O MUNDO TEN UN (SINALA A GRAVADORA.) PERO O MOI LACAZÁN ESTÁ NOS BIOSBARDOS E NON ME DEIXA MERCALO. SEN O SEU PERMISO, A MIN NON MO VENDEN. *SELIC.GAL* – JULIA: GÚSTALLE A VOSTEDE A MÚSICA, SEÑORA CARME? – CARME: (ESQUIVA.) SI... É QUE SE LLO DI VOSTEDE, SEGURO QUE LLE FAI CASO. EL É ASÍ. A MIN NON ME TOMA EN SERIO. – JULIA: EU DÍGOLLO, SEÑORA CARME. QUE MÚSICA LLE GUSTA? – CARME: UI! A MIÑA IRMÁ E MAIS EU ADOITABAMOS ESCOITAR ANA KIRO, JUAN PARDO... ESAS COUSAS. – JULIA: LÉMBRASE VOSTEDE DALGUNHA CANCIÓN EN PARTICULAR? – *PARTIDA SALVADA* FERNANDO EPELDE